



Resolución da Comisión I do proceso selectivo para a provisión de postos vacantes no cadro de persoal da sociedade mercantil pública autonómica EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA), convocado por Acordo do 27 de setembro de 2023.

ASUNTO: resolución da alegación ao acordo polo que se publica a lista de puntuacións totais da categoría Técnico Superior (15-TS-AF-EC).

- 1 Conforme ao establecido nas bases que rexen o proceso selectivo no seu apartado IX. Proposta de nomeamento e contratación laboral, esta Comisión publicou o 7 de outubro de 2024 na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com) o Acordo polo que se publica a lista de puntuacións totais da categoría Técnico Superior (15-TS-AF-EC).

Dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación presentou alegación o seguinte aspirante:

- Carlos Yáñez Miragaya: acéptase a alegación relativa ao desempate na puntuación total.

De acordo co disposto nas bases que rexen o proceso selectivo no apartado VIII.5. Criterios de desempate, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudírase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar o empate dirimirase segundo a puntuación obtida na fase de oposición.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria en Seaga.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito de Seaga.

En quinto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

No presente caso, non existe infrarrepresentación na categoría 15-TS-AF-EC, tal e como informou Seaga á esta comisión. En canto ao segundo e terceiro criterio





de desempate, as dúas persoas aspirantes empatadas obtiveron a mesma puntuación na proba de coñecemento e ningunha das dúas ten tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria. Polo tanto, resulta de aplicación o cuarto criterio de desempate, segundo o que este se resolverá polo maior tempo de servizos prestados no ámbito de Seaga. En aplicación deste último criterio Carlos Yáñez Miragaya ten que ocupar o posto nº 5 na orde de prelación dos aspirante e Analía Rivadulla Bello o posto nº 6 na dita orde.

- 2 En consecuencia, cómpre modificar o acordo polo que se aprobou a lista de puntuacións totais definitiva da categoría Técnico Superior (15-TS-AF-EC), que pasa a ser a seguinte:

Categoría: Técnico Superior Código proceso: 15-TS-AF-EC						
Orde prelación	DNI	Apelidos e Nome	Nota proba coñecemento	Valoración méritos	Entrevista persoal	Puntuación total
1	**9324***	Moledo Laíño, Ángela	54	10,97	9	73,97
2	**2387***	Lozano Ruíz, María Trinidad	38,25	24,50	6	68,75
3	**4672***	Román Sánchez, Olaya	47,75	9,73	9,5	66,98
4	**8115***	Fernández-Sanjuas García, Francisco Javier	36,25	22	5,5	63,75
5	**5801***	Yáñez Miragaya, Carlos	43,75	9	6,5	59,25
6	**4831***	Rivadulla Bello, Analía	43,75	8	7,5	59,25
7	**4589***	Sieira Pérez, Juan Andrés	43,75	10	5	58,75

Asinado dixitalmente

Presidenta:

Marta Pardo Manzanares

Secretaria:

María Teresa Delgado Calvo

